



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Contratación, Bens e Patrimonio

Cesión gratuíta á Sociedade de Vivenda Pública de Galicia da parcela P11 da UA-43 para a construción de vivendas de promoción pública dentro da estratexia galega de solo urbano

Expediente.- 2025/X999/000070

Por acordo do Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30 de outubro de 2025 aprobouse definitivamente a cesión gratuíta á Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, NIF A-75491647, para a promoción de vivenda protexida de promoción pública, da seguinte finca patrimonial:

“Finca P11 comprendida no proxecto de reparcelación voluntaria da UA-43 do Concello de Arteixo, de superficie 380 m2 , que linda: Norte, parte en liña de catro con oitenta e cinco metros, coa parcela denominada P3 da presente reparcelación propiedade de Construcciones Abelleira S.A. e parte en liña de trece con sesenta e dous e sete con noventa metros, co edificio número dos da Rúa Aguceira; Sur, en liña de dezaseis con corenta e catro con noventa e seis, coa parcela denominada EO da presente reparcelación de cesión ao Concello destinada a equipamentos e zonas verdes; Este, en curva de oito con oitenta metros coa parcela denominada DC da presente reparcelación de cesión ao Concello destinada a viario Rúa Aguceira; e Oeste, en liña de vinte e seis con sesenta e dous metros coa parcela EO da presente reparcelación de cesión ao Concello destinada a equipamentos e zonas verdes.”

Referencia catastral 2262433NH4926S0001EL.

Finca rexistral 37.778 do folio 45 do libro 547 do Rexistro da Propiedade de Arteixo.

Consta no Patrimonio municipal do solo e no Inventario de bens municipal con código 1INM00500217.

Así mesmo, acordouse aprobar o convenio de colaboración que se incorpora a dito acordo como Anexo denominado “Documento administrativo de cesión gratuíta da propiedade de ben inmovible, de propiedade municipal e natureza patrimonial, á Sociedade de Vivenda Pública de Galicia S.A. para a promoción de vivenda pública”.

En Arteixo, 04 de Novembro de 2025.- Patricia Amado Varela. Concelleira de Contratación, Patrimonio, Turismo e Novas Tecnoloxías. (PD.: Decreto 1243/2025 de data 08/05/2025)

2025/7254